

Programación de Latín 4º ESO e 1º e 2º Bach
Curso 2021/22

Dpto. de Linguas Clásicas
IES Val do Tea

ÍNDICE

a) Introducción.....	2
b) Contribución ó desenvolvemento das CC.....	3
c) 1. Concreción de obxectivos para o curso (Latín 4º e 1º).....	6
2. Concreción de obxectivos para o curso (Latín 2º).....	6
d) 1. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable (Latín 4º e 1º).....	6
2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable (Latín 2º).	7
1º.1.Temporalización (Latín 4º).	8
2.Temporalización (Latín 1º).....	8
3.Temporalización (Latín 2º).....	8
2º.1. Grao mínimo de consecución (Latín 4º).....	8
2. Grao mínimo de consecución (Latín 1º).....	9
3. Grao mínimo de consecución (Latín 2º).....	9
3º. 1. Procedementos e instrumentos de avaliación (Latín 4º e 1º).	9
2. Procedementos e instrumentos de avaliación (Latín 2º).....	9
e) Concrecións metodolóxicas.....	10
f)1. Materiais e recursos didácticos (Latín 4º e 1º).....	10
2. Materiais e recursos didácticos (Latín 2º).....	10
g) Criterios sobre a avaliación e cualificación.....	11
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	11
i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes.....	12
j) Organización dos procedementos que permitan ó alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.....	12
k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados.	
1. Latín 4º e 1º.	12
2. Latín 2º.....	12
l) Medidas de atención á diversidade.....	12
m) Concreción dos elementos transversais.....	13
n) Actividades complementarias programadas.....	13
ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da PD en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	13

a) INTRODUCCIÓN (LATÍN 4º, 1º e 2º)

A materia de Latín, tanto na ESO, coma no bacharelato proporciona as bases lingüísticas, históricas e culturais precisas para entender aspectos esenciais da civilización occidental; permite unha reflexión profunda sobre as linguas galega e castelá e contribúe eficazmente á aprendizaxe das linguas modernas de orixe romance ou doutras influídas polo latín. Constitúe tamén un coñecemento imprescindible para todas as persoas que optaron por unha primeira especialización no campo das humanidades ou das ciencias sociais.

Os contidos propostos tanto para **Latín 4º**, como para **Latín I e II**, en que se desenvolve a materia céntranse en dous grandes ámbitos, a lingua e a cultura, distribuídos en **catro bloques**:

-Estudo progresivo das características da lingua latina.

A aprendizaxe da lingua latina e da súa gramática terá como obxectivo último a comprensión e tradución de textos literarios orixinais dunha complexidade progresiva, para o que é posible partir de textos adaptados ou elaborados.

Segundo se suxire no DCB de Latín para 4º de ESO, parece recomendable seguir un método no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no que a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

En 4º da ESO faise unha aproximación á materia que pode servir de base para os futuros alumnos de latín no bacharelato, pero que resulte tamén una aproximación xenérica para os alumnos que non cursarán esta materia no bacharelato.

Posto que no bacharelato nos atoparemos con alumnado que non cursou latín, o comezo polas bases gramaticais da lingua latina faise necesario tamén en 1º, onde se continuará a aprendizaxe sistemática con vistas á tradución de textos orixinais en 2º.

-Comprensión e interpretación de textos latinos.

Os textos seleccionados responderán a diferentes épocas e xéneros literarios e poderán presentarse, tanto na súa forma orixinal, coas adaptacións necesarias para facilitar a súa comprensión, como en traducións.

O profesorado poderá servirse tamén de textos elaborados graduados que faciliten o acceso progresivo aos textos orixinais.

A práctica da tradución de textos latinos ha contribuír tamén á reflexión sobre a lingua propia, buscando a correcta adecuación entre as estruturas lingüísticas de ambas as linguas.

-Estudo do léxico latino e a súa pervivencia en galego, castelán e outras linguas modernas.

A adquisición dun vocabulario latino, baseado nunha frecuencia de uso, constitúe un instrumento para a comprensión e tradución de textos, ao tempo que permite mellorar na expresión oral e escrita en galego e en castelán, así como en linguas estranxeiras.

Pódese adquirir ese vocabulario básico a través dos textos traballados, co que a súa aprendizaxe se realiza nun contexto determinado que facilita a súa asimilación.

-A lectura de textos traducidos e orixinais constitúe un instrumento privilexiado para pór o alumnado en contacto coas mostras máis importantes da civilización romana: a creación literaria e a produción artística; a ciencia e a técnica; as institucións políticas, relixiosas e militares; a vida familiar, a organización social e a ordenación xurídica.

A selección de textos de xéneros e épocas diversas atenderá ao criterio de ofrecer unha visión completa e equilibrada da historia e da sociedade romanas. A sistematización de todos eses datos extraídos de diversas fontes documentais, incluídas as que brindan as tecnoloxías da información e da comunicación, e a súa comparación

constante cos que ofrecen as sociedades actuais permitirán unha valoración razoada da chegada de Roma á conformación do ámbito cultural e político europeo.

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da lingua e cultura romanas que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua latina, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados, etc.

A gradación dos contidos lingüísticos debe basearse no índice de frecuencia, situando no primeiro curso o máis habitual e deixando para o segundo o menos frecuente. Corresponde ao primeiro a lectura comprensiva e tradución de textos breves e sinxelos a través dos cales se asimilarán as estruturas da morfoloxía regular, os valores sintácticos máis usuais e os aspectos básicos da civilización romana. No segundo curso avanza na lectura comprensiva e tradución de textos de maior complexidade, distinguindo neles as características do xénero literario ao que pertencen, así como o tratamento de aspectos específicos do legado romano.

b) CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LATÍN Ó DESENVOLVEMENTO DAS CC (LATÍN 4º, 1º e 2º)

Comunicación lingüística

Esta materia aporta ó desenvolvemento desta competencia, entre outras, as seguintes contribucións:

- Acceso a textos literarios traducidos coma fonte de aprendizaxe e goce.
- Comprensión do compoñente lingüístico da propia lingua e de linguas estranxeiras.
- Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permitan unha mellor interacción social.
- Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades.
- Desenvolvemento de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación.
- Desenvolvemento da capacidade crítica ante a mensaxe e o seu contido.
- Facilitade para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nas mesmas.
- Fomento da capacidade creativa lingüística.
- Mellora na comprensión e emisión de mensaxes orais e escritos.
- Mellora na motivación da aprendizaxe a partires da mellora na comprensión e expresión lingüística.
- Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo.
- Preparación para un mellor acceso ó coñecemento mediante a lectura de textos orixinais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A contribución da materia a esta competencia céntrase en desenvolver os seguintes aspectos:

- Desenvolvemento da capacidade crítica e análise razoado de problemas e situación.
- Capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir e interpretar fenómenos, feitos e situacións en distintos contextos.
- Desenvolvemento de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan.
- Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e a responsabilidade dos xuízos e conclusións emitidos.

- Desenvolvemento de aspectos de cuantificación de obxectos, relacións e situación.
- Análise de espacio e forma mediante a interpretación de patróns, elaboración e lectura de mapas, interpretación de obxectos, etc.
- Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias.
- Desenvolvemento do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios da disciplina.
- Promoción da investigación científica e achegamento ós métodos que lle son propios.
- Desenvolvemento de xuízos críticos sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico ó longo da historia.
- Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías.
- Capacidade de transmisión axeitada dos acontecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da materia.

Competencia dixital

A contribución da materia á competencia dixital é inherente ó aprendizaxe da mesma, en tanto que o emprego das tecnoloxías dixitais se converte nun instrumento imprescindible no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Todo iso coa premisa da súa utilización creativa e crítica. Desta forma, a utilización das tecnoloxías dixitais na materia tradúcese nunha contribución clara ó desenvolvemento desta competencia:

- Coñecemento e emprego das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e emprego para a comunicación, así coma a creación de contidos.
- Localización de información mediante motores de busca.
- Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais.
- Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos.
- Creación de contidos en distintos formatos (ímaxe, texto, audio, etc.)
- Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación máis axeitada en función do contido e receptor da mensaxe.

Aprender a aprender

A materia de Latín debe contribuir de forma especial ó desenvolvemento desta competencia, potenciando nos alumnos a capacidade de iniciar, organizar e manterse na aprendizaxe. Isto conséguese motivando ó alumnado na curiosidade pola materia, de xeito que el mesmo se sinta protagonista da súa aprendizaxe.

- Motivación por aprender.
- Organización e xestión da propia aprendizaxe.
- Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe.
- Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados.

Competencias sociais e cívicas

O traballo e coñecemento da propia evolución da sociedade romana antiga supoñen unha contribución excelente ó desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, máxime nunha sociedade coma a actual, tan dinámica e complexa. E isto é así dada a diversidade de situacións e relacións que o estudo da sociedade e historia de Roma ofrece ó alumno. Deste xeito, ese estudo e coñecemento contribuirá ó desenvolvemento desta competencia do seguinte modo:

- Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais.
- Desenvolvemento de actitudes de respecto nas relacións sociais desde o coñecemento da súa diversidade histórica.

- Análise de situacións para a resolución de conflitos.
- Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade.
- Conciencia de participación na sociedade actual desde o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais.
- Desenvolvemento de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, desde o estudo da súa evolución histórica.
- Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais desde unha perspectiva histórica e cultura.
- Aprendizaxe crítico de conceptos coma a cidadanía, estado, democracia, xustiza e igualdade.
- Respecto reflexivo e crítico ante as diferenzas existentes entre diferentes sistemas de valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Ó desenvolvemento desta competencia contribúe a materia mediante:

- Capacidade para pensar de forma creativa.
- Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos.
- Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.)
- Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas.
- Comunicación e presentación de proxectos.
- Capacidade de traballo individual e en grupo.
- Capacidade de autoavaliación.
- Desenvolvemento do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para acadar os obxectivos planificados polo propio alumno.

Conciencia e expresións culturais

O coñecemento e achegamento á sociedade, á cultura, á literatura, á mitoloxía e ó arte antigo contribúen de xeito especial ó desenvolvemento desta competencia:

- Coñecemento do legado cultural e artístico da Antiga Roma.
- Aprezo e valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- Análise do legado cultural e artístico da Roma Antiga como fundamento da cultura occidental.
- Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumnado.
- Desenvolvemento do interés polas manifestacións culturais e artísticas.
- Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos das diversas manifestacións artísticas romanas e a súa influencia nas manifestacións culturais e artísticas ó longo da historia ata a cultura e a arte contemporáneas.
- Desenvolvemento de valores relativos á conservación do patrimonio e aprezo pola heranza cultural e artística.

c) CONCRECIÓN DE OBTIVOS POR CURSO**1. Latín 4º e 1º (En 4º da ESO os obxectivos son practicamente os mesmos ca en 1º de bacharelato)**

1. Inicialse na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
3. Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.
4. Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación.
5. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
6. Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana na nosa contorna e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.
7. Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

2. Latín 2º (En 2º os obxectivos enfócanse a aprobar as ABAU)

1. Analizar e traducir textos de **Eutropio** e **Fedro**, autores que entran nas ABAU.
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal.
3. Achegarse ós diferentes xéneros literarios e autores representativos que entran nas ABAU.
4. Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación, en especialo a listaxe de **latinismos** e **toponimia** que propón a **CIUGA**.
5. Identificar os principais prefixos e sufixos latinos que se utilizan na nosa lingua para formar palabras e o significado que aportan.

d) CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE**1. LATÍN 4º e LATÍN 1º****A lingua latina.**

- Coñece a orixe das linguas romances.
- Coñece o abecedario latino, a súa pronunciación e acentuación.
- Coñece a flexión nominal, pronominal e verbal. Distingue as formas non flexivas.
- Comprende e domina a sintaxe dos casos. Sabe o uso das preposicións máis frecuentes.
- Comprende a estrutura da oración. A concordancia. Orde de palabras. Oracións simples e compostas. Coordinación. Inicio do estudo da subordinación.

Os textos latinos e a súa interpretación.

- Coñece as técnicas de tradución e comentario de textos latinos.
- Analiza morfosintacticamente.
- Le obras e fragmentos traducidos con comentario do seu contexto histórico, social e cultural.

O léxico latino e a súa evolución.

- Coñece o vocabulario básico latino en función da súa frecuencia de uso e da súa relevancia en galego e castelán.
- Ten nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ás linguasromances. Palabras patrimoniais e cultismos.
- Coñece e fai un uso axeitado de expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e literaria.

Roma e o seu legado.

- Fai unha sinopse histórica do mundo romano dos séculos VIII a. C. ao V d. C.
- Coñece a organización política e social de Roma. Maxistraturas e clases sociais. O dereito romano e a súa pervivencia. A relixión. O exército.
- Coñece os aspectos máis relevantes da cultura e da vida cotiá en Roma. O urbanismo e a vivenda, a educación, a familia, os espectáculos.
- Comprende o proceso de romanización de Hispania e as súas pegadas.

NOTA ACLARATORIA:

Os marcados en cor verde son específicos de 4º da ESO, que se continúan traballando en 1º de BACH, curso no que xa se engaden outros estándares que inciden máis na tradución de textos, cara a un maior dominio da técnica que alcanzará o seu culmen en 2º.

2. LATÍN 2º**Bloque 1. EL LATÍN, ORIGEN DE LAS LENGUAS ROMANCES**

1. Reconoce y distingue a partir del étimo latino términos patrimoniales, semicultismos y cultismos, y explica las evoluciones que se producen en uno y otro caso.
2. Realiza evoluciones de términos latinos al gallego y al castellano, aplicando las reglas fonéticas de evolución, y reconoce palabras de su lengua que sufrieron procesos de evolución semántica, valorando la relación con el significado original del étimo latino.
3. Explica el proceso de evolución de topónimos latinos al gallego señalando los cambios fonéticos.

Bloque 2. MORFOLOGÍA

1. Nombra y describe las categorías gramaticales, y señala los rasgos que las distinguen.
2. Identifica y distingue en palabras propuestas sus formantes, diferenciando lexemas y morfemas, y procurando ejemplos en otros términos.
3. Analiza morfológicamente palabras presentes en un texto latino, identifica correctamente sus formantes y señala su enunciado.
4. Identifica con seguridad y ayudándose del diccionario todo tipo de formas nominales y pronominales, las declina y señala su equivalente en gallego y en castellano.
5. Identifica con seguridad y ayudándose con el diccionario cualquier tipo de formas verbales, las conjuga y señala su equivalente en gallego y en castellano.
6. Aplica sus conocimientos de la morfología verbal latina para realizar traducciones ayudándose del diccionario.

Bloque 3. SINTAXIS

1. Utiliza adecuadamente el análisis de la sintaxis nominal y pronominal de un texto para efectuar correctamente su traducción.
2. Reconoce, distingue y clasifica los tipos de oraciones y las construcciones sintácticas latinas, y las relaciona con construcciones análogas existentes en otras lenguas que conozca.
3. Identifica en el análisis de frases y textos de dificultad escalonada elementos sintácticos propios de la lengua latina, y los relaciona para traducirlos con sus equivalentes en gallego y en castellano.
4. Define y comprende los conceptos de oración compuesta, coordinación y subordinación, señala ejemplos en los textos y reconoce los tipos de oraciones compuestas, tanto coordinadas como subordinadas, así como los nexos que las caracterizan.
5. Identifica formas no personales del verbo en frases y textos, las traduce correctamente y explica sus funciones.

Bloque 4. LITERATURA ROMANA

1. Describe las características esenciales de los géneros literarios latinos, e identificay señala su presencia en textos propuestos.
2. Realiza ejes cronológicos y sitúa autores, obras y otros aspectos relacionados con la literatura latina en los mismos.
3. Nombra autores representativos de la literatura latina, los encuadra en su contextocultural, y cita y explica sus obras más conocidas.

Bloque 5. TEXTOS

1. Utiliza adecuadamente el análisis morfológico y sintáctico de textos latinos para efectuar correctamente su traducción.
2. Utiliza con seguridad y autonomía el diccionario, analizando y valorando correctamente la información gramatical que proporciona.

Bloque 6. LÉXICO

1. Usa correctamente locuciones y expresiones latinas propuestas para la ABAU.
2. Distingue los procesos de composición y derivación culta: lexemas, prefijos y sufijos de origen latino y griego.
3. Conoce la etimología de los topónimos propuestos para la ABAU.

1.1. TEMPORALIZACIÓN (LATÍN 4º)

Seguindo o libro de texto de Casals que se divide en 9 temas, veranse 3 temas por trimestre. Aproximadamente un tema por mes.

1.2. TEMPORALIZACIÓN (Latín 1º)

A temporalización Latín 1º farase tendo como centro o estudo da gramática latina, isto é, os bloques 3 e 4, en torno a estes iranse agrupando o resto dos bloques:
1º Trimestre: Declinación Nominal completa e Conxugación de **Verbos Regulares en Voz Activa**.
2º Trimestre: Declinación Pronominal e Conxugación de Verbos Regulares en **Voz Pasiva e Formas Non Persoais** do verbo.
3º Trimestre: Conxugación Irregular e Aspectos concretos de **Sintaxe**.

1.3. TEMPORALIZACIÓN (Latín 2º)

1º Trimestre: Repaso da Gramática de 1º (Toda a morfoloxía e estudo de excepcións) Traducións de textos sinxelos. Estudo de **latinismos**.
2º Trimestre: Sintaxe (Repaso de 1º e estudo de novas estruturas) Tradución dos textos dos autores propostos para as ABAU. Estudo de **toponimia**.
3º Trimestre: Tradución de textos modelo das ABAU. Estudo dos temas de **literatura** propostos nas ABAU.

2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**2.1. LATÍN 4º.**

En síntese, en latín 4º os mínimos esixibles son:

- Identifica o indoeuropeo como a lingua nai da meirande parte das linguas faladas en Europa na actualidade.
- Coñece a orixe das linguas faladas na Península Ibérica, clasifícaa e ubícaa nun mapa.
- Coñece e entende os mecanismos dunha lingua flexiva coma o latín, na que hai unha flexión nominal (declinación) e unha verbal (conxugación)
- Distingue e identifica palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- Declina substantivos e adxectivos conxuntamente.
- Conxuga os tempos de presente e o pretérito perfecto no modo indicativo activo.
- Traduce frases breves do latín ó galego e/ou castelán.

- Ten un coñecemento básico de latinismos.
- Coñece os procesos de formación e derivación de palabras na nosa lingua a partir de afixos latinos.
- Situa no tempo e no espazo a cultura latina.

2.2. Latín 1º

Os mínimos esixibles centraranse nos bloques 3 e 4, os pilares da materia latín 1º para poder continuar en latín 2º e acadar os obxectivos que se lles piden ó alumnado no exame das ABAU, no que a tradución é o que máis puntúa.

Os contidos destes bloques tamén son os que ofrecen máis dificultade para a súa adquisición de maneira autodidacta.

Estes 2 bloques son, basicamente, os correspondentes á Gramática Latina, no seu aspecto morfolóxico e sintáctico orientados á tradución, nos que o alumnado precisa a guía do profesor, non coma outros contidos que o alumno pode acadar de xeito autónomo.

2.3. Latín 2º

Os mínimos esixibles serán os que lle permitan ó alumnado responder a un exame das ABAU:

1. Traduce con coherencia un texto de Fedro e Eutropio.
2. Analiza morfolóxica e sintacticamente un fragmento dun texto dos autores anteriores.
3. Identifica os xéneros literarios que entran nas ABAU e o seu autor representativo.
4. Recoñece e usa correctamente en frases os latinismos da listaxe que proporciona a CIUGA.
5. Recoñece a etimoloxía dos topónimos que se propoñen na listaxe da CIUGA.

3. PROCEDEMENTOS/INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

3.1. Latín 4º e 1º

As alumnas/-os da materia de Latín demostrarán nunha proba obxectiva tipo “exame tradicional” que lograron asimilar os contidos para lograr os obxectivos e acadar as competencias básicas:

1. Realizarse como **mínimo unha proba por trimestre**, no caso de **ensino presencial**.
2. Se o **ensino** fose **telemático** a avaliación farase a través de actividades do libro dixital e probas a través da aula virtual.
3. No caso de **ensino mixto, teranse en conta os dous sistemas de avaliación**.

3.2. Latín 2º

As alumnas/-os da materia de Latín demostrarán nunha proba obxectiva tipo “exame tradicional” que lograron asimilar os contidos para lograr os obxectivos e acadar as competencias básicas.

1. Realizarse como **mínimo unha proba por trimestre**, no caso de **ensino presencial**.
2. Se o **ensino** fose **telemático** a avaliación farase a través de actividades da Aula moodle.
3. No caso de **ensino mixto, teranse en conta os dous sistemas de avaliación**.
4. No **primeiro trimestre** farase unha **proba exclusivamente de gramática** que será preciso aprobar para superar o curso. Esta proba serviralle ó alumnado coa materia pendente para recuperar a materia no 1º trimestre, xa que basicamente é un exame final de 1º.

e) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A materia de latín, polo seu carácter optativo soe ter pouco alumnado, polo que esta circunstancia ha de servir para que a clase sexa participativa. A este respecto as explicacións, non moi exhaustivas, apoiaranse sobre outros materiais audiovisuais e informáticos (páxinas web, exercicios en línea, vídeos explicativos...) e combinaranse coa búsqueda de información en línea e traballo individual ou en grupo do alumnado, para promover a capacidade de autoaprendizaxe, de traballo en equipo e de aplicación de métodos de investigación para seguir aprendendo. Favorecerase na medida en que o grupo o permita a participación activa no proceso de ensino-aprendizaxe, a realización de pequenos traballos de investigación, e o uso das TIC para informarse, aprender e comunicarse, e sobre todo, para utilizalas con sentido crítico.

f) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

1. Latín 4º e 1º

Nas **clases presenciais** usarase o libro de texto de Casals; vídeos de diferentes canais, especialmente para ilustrar os temas de cultura (historia, mitoloxía, vida cotiá); diferentes páxinas de internet que poidan axudar a adquirir os contidos da materia ó tempo que lles permitan adquirir certas competencias clave como a competencia dixital, aprender a aprender... Todos estes contidos se cargarán na aula moodle.

No caso de que o **ensino** fose **telemático** usarase a versión dixital do mesmo libro e a aula virtual, onde estarán cargados os contidos ós que se fai referencia supra.

No caso de **ensino semipresencial ou mixto** combinaranse os recursos anteriores.

No caso do **ensino non presencial** o contacto co alumnado farase a través do correo electrónico para avisos puntuais e as clases virtuais faranse a través das plataformas que poña ó noso servizo a consellería. Se o confinamento é parcial farase a conexión desde a aula co alumnado confinado e “retransmitirase” a clase. Se é total farase do mesmo xeito, desde a aula ou desde o domicilio, de ser o caso. As tarefas e probas de avaliación a través da aula virtual e libro dixital.

2. Latín 2º

Non hai libro de texto. Facilitaráselle ó alumnado apuntes, esquemas de gramática, vídeos e presentacións, así como textos para traducir a través da **Aula moodle**, tamén se utilizará esta no caso de que o **ensino** fose **telemático**.

Diferentes páxinas de internet ou apps (Viceverba) que lles poidan axudar a adquirir os contidos da materia á vez que lles permitan adquirir certas competencias clave como a competencia dixital, aprender a aprender...

Comunicación co alumnado no caso de **ensino telemático**:

Correo electrónico, plataformas que poña á nosa disposición a consellería para as clases virtuais e Aula Moodle para apuntamentos e tarefas.

g) CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN (Latín 4º, 1º e 2º)**a. Ensino presencial**

A nota de cada avaliación será a media da nota obtida na **proba obxectiva de avaliación** e as **probos avaliados** propostas a través da aula virtual e/ou libro dixital. A **nota final** será a da **3ª avaliación** no caso de ter **todas as avaliacións aprobadas**, xa que é avaliación continua.

Noutros supostos procederase do seguinte xeito:

- Coa **3ª avaliación suspensa**, farase unha **proba final de recuperación**.
- Con dúas avaliacións suspensas e a 3ª aprobada, farase a proba final de recuperación se a nota media das 3 é inferior a 5 ou a nota dalgunha das avaliacións suspensas é inferior a 3.

b. Ensino telemático

A nota será a media dos exercicios propostos como proba de exame a través do libro dixital e/ou aula virtual.

En ambos casos supostos, os redondeos faranse a partir de 5. Por enriba se a nota acada o 0'5 e por debaixo se non o acada, así un 5'55 será un 6 na avaliación o mesmo que un 6'3. **Por debaixo dun 5 non se redondea á alza.**

Nun exame ou pregunta de tradución, puntuará a análise morfolóxica, a análise sintáctica, a tradución co vocabulario axeitado e a redacción final desta. Se se presenta unha tradución sen a súa análise previa non puntúa nada. Si puntuará, segundo o nivel de corrección, a análise sen tradución.

A avaliación extraordinaria consistirá nun exame escrito.

c. Ensino mixto

Teráanse en conta os dous sistemas anteriores.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS COVID-19

Se alguna persoa non pode acceder ó ensino telemático, enviaráselle o material e as instrucións para seguir a súa formación a través das canles que habilite e poña á nosa disposición o centro e/ou a administración para estes casos.

ADDENDA PARA 2º BACH

O exame da primeira avaliación será de gramática, tipo un examen final de 1º e será elaborado pensando nunha sesión de clase. Os da 2ª e 3ª avaliación serán tipo ABAU, co mesmo tempo de duración que nas probas de acceso (1 hora e media)

Na pregunta de tradución puntuará a corrección morfolóxica, sintáctica, o vocabulario axeitado e a redacción final desta, así como o uso dunha correcta ortografía.

A avaliación extraordinaria consistirá nun exame escrito tipo ABAU.

h) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE (Latín 4º, 1º e 2º)

Incluirase nas **actas de departamento** e na **memoria final** de curso. Tamén se fará unha enquisa ó alumnado ó final do curso enfocada a unha valoración e mellora para o próximo curso ou ben, se houbera tempo, ó final do 1º trimestre para unha mellora ou modificación no propio curso.

i) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES (LATÍN 4º, 1º e 2º)

En Latín 4º e Latín 1º é imposible que haxa alumnado con esta materia pendente, xa que é comezo de ciclo.

No caso de Latín 2º, o alumnado que teña pendente latín 1º poderá recuperálo aprobando o exame de gramática da 1ª avaliación, de non ser así poderá repetir a proba en xaneiro e en maio.

j) ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN Ó ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS.

No caso de Latín 2º, o alumnado que non teña cursado latín 1º prestará especial atención á 1ª avaliación, que será como se dixo supra de repaso da gramática, e poderá poñerse ó día.

Facilitaráselle tamén vídeos de cursos online para a súa autoaprendizaxe.

k) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS

1. LATÍN 4º E 1º

Os alumnos/-as non teñen por que ter coñecementos previos da materia, polo que a avaliación inicial fará referencia ós coñecementos que teñen de gramática na súa lingua materna, así como a coñecementos que poidan ter da cultura latina por outras materias. É importante que teñan unha boa base dos contidos básicos de morfoloxía e sintaxe en linguas, polo que a avaliación inicial se centrará nestes aspectos:

Análise de diferentes tipos de palabras, distinción entre lexemas e morfemas, función das palabra na oración, tipos de oración...

No caso do alumnado que floxee máis nestes aspectos, facilitaráselle recursos online para a autoaprendizaxe.

2. LATÍN 2º

Exame inicial de gramática tipo examen final de 1º. Hai que comprobar de que situación se parte para ver se convén insistir máis na gramática antes de poñerse a explicar a sintaxe e a traducir.

l) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (Latín 4º e 1º e 2º)

En canto ás medidas de atención á diversidade, ós que presenten maiores dificultades para seguir o ritmo da clase proporcionaráselles material suplementario para facer na casa se non acadan o ritmo da maioría. Tamén se lles poñerán fichas de exercicios axeitados ó seu nivel. Para iso a profesora utilizará o material fotocopiado da Editorial Santillana e exercicios doutros libros de texto coma o de Casals ou Anaya.

Neste aspecto, páxinas de exercicios online son moi útiles porque os rapaces poden elixir os exercicios cun grao maior ou menor de dificultade dacordo co seu nivel e dásele a oportunidade de autocorrección.

No caso de alumnado con algún tipo de trastorno (TDA, TEA, etc.) faranse as adaptacións oportunas segundo o protocolo pertinente.

m) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO (LATÍN 4º, 1º e 2º)

De modo xeral, os temas transversais pretenden conseguir que o alumnado desenvolva actitudes persoais activas que lle axuden a construír formas de vida máis xustas, recibindo así unha educación en valores. Na materia de Grego, igual que na de Latín os contidos non lingüísticos constitúen o marco ideal para desenvolver estes temas transversais que educan en valores, posto que aí se atopan moitos deles representados. Ademais, sempre se poden propoñer textos para traducir ou ler onde se toquen estes temas e, posto que o alumnado de Grego tamén ten Latín, farase sempre a comparación Grecia-Roma ó tratar os temas no mundo actual. (Para maior especificación véxase a programación de grego, *mutatis mutandis* as actividades serán as mesmas)

n) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS (LATÍN 4º, 1º e 2º)

Dada a situación actual que se está a vivir pola pandemia, non se fai programación de actividades extraescolares, nin fóra da aula, nin moito menos fóra do centro. Agora ben, se houberse un cambio na situación socio-sanitaria e xurdise alguna actividade interesante, propoñeráse ó consello escolar e de ser aprobada engadirase na correspondente acta de departamento.

ñ) AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN (LATÍN 4º, 1º e 2º)

Para facer a valoración trimestral e final de curso teranse en conta os seguintes ítems:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

Interdisciplinarietà			
----------------------	--	--	--